



Motin dos baltaristas contra a "actitude humillante" de Feijóo

Alcaldes e edís da provincia de Ourense intentan recabar sinaturas para evitar a fin do sector da boina no PPdeG. **Páxina 18**



O BNG apela ao IC para ter máis voz na Cámara do Hórreo

Carlos Aymerich defende un aumento da cota de iniciativas do grupo nacionalista nos plenos do Parlamento. **Páxina 18**

Cultura abre o concurso para cubrir a dirección do CGAC con só un mes

A consellería rexeita comentar por que nas bases -"son as que son", din- non se anuncian os membros do comité de selección. **Páxina 32**

MÉRCORES 17 DE DECEMBRO DE 2009 Nº 2.206 C/ UNIDAD EN 2002 DIRECTOR CAETANO DÍAZ VIDAL

www.lorenzoabogados.com

Galicia Hoxe

MÉRCORES

17

ÚNICO DIARIO EN GALEGO

PIDEN CORDURA CO GALEGO DESDE AS 3 UNIVERSIDADES

VOLCÁN Os directores de centros poderían vulnerar a lei se entregan enquisas da 'consulta Vázquez' **Páxs. 34 e 35**



PRIMEIRO CONTACTO DE VARELA COA AELG

COLABORACIÓN O conselleiro de Cultura, Roberto Varela, e o director xeral de Promoción e Difusión da Cultura, Francisco López Barxas, reuníronse onte co presi-

dente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez, ao fin de definir as novas liñas de colaboración entre a Administración galega e dito colectivo. **Páxina 33**

ZP promételle "máis cartos" a Cataluña, pero a Xunta avísao: "Hai moito que falar"

Páxinas 17 e 19

O escándalo Caramelo

Disque os listos que están despezando Caramelo decidiron facer de xuíz e parte, e perpetrar o despedimento de cat-



ANTÓN
LOSADA

ce traballadores polos incidentes da semana pasada. E logo en que cárcere habería que metelos a eles por ter decretado adrede un peche patronal ilegal e por tentar colar un ERE inxustificado só por gañar un puñado de euros máis? A inmoralidade da actitude do multimillonario Jove neste escándalo contrasta coa determinación coa que os traballadores resisten á desfeita que lles quere endosar. Non sei como nin se poden, pero algo máis debería poder facer a Administración para que o malo non gañe, polo menos desta vez.



Lorenzo
Abogados

C/ General Pardiñas, 20 - 3º
15701 Santiago de Compostela
Tel. 981 594 702 • Fax. 981 591 004
lorenzo@lorenzoabogados.com

www.lorenzoabogados.com

DESCONTENTO Preto de vinte colectivos e seis salas denuncian a situación de "parálise total" do sector das artes escénicas, que o conselleiro de Cultura nega, atribuíndo os "problemas" ao bipartito

Os actores e actrices, en pé

Vicente Montoto insta o PP a deixar de "facer oposición" e "gobernar" pagando o millón de euros que debe Agadic

M. Dopico • Santiago

O sector do audiovisual e das artes escénicas subiu un chanzo na manifestación do seu descontento coa xestión da Consellaría de Cultura. Se a semana pasada a Asociación de Actores e Actrices de Galicia denunciaba a través dun comunicado a situación de "parálise total" mantida pola nova Xunta de Galicia tres meses despois das eleccións, onte foron 18 asociacións e colectivos e seis salas as que se puxeron en pé.

Nunha roda de prensa, o presidente da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, Vicente Montoto, anunciou que hoxe lle entregarían á Consellaría de Cultura un escrito asinado por todas estas entidades no que reclaman que se "desbloqueen" varias cuestións que lle afectan ás artes escénicas.

Montoto lamentou que "a estas alturas" aínda non foi nomeado director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic). "Sen el é un conglomerado burocrático porque non hai ningún que asine", asegurou. "Nin se convocaron comisións que teñen que decidir subvencións", engadiu.

Deste xeito, o sector esixiu a "tramitación e pagamento" das facturas pendentes de cobro por traballos "xa realizados", e cuxo montante estiman nun millón de euros. "Desde o 1 de marzo non se pagou ningunha factura de traballos feitos con Agadic", salientou o presidente da Academia Galega do Audiovisual, o actor Ernesto Chao, que foi o encargado de ler o escrito reivindicativo conxunto.

"Algunhas non están nin en trámite", e atópanse "apiladas", sostivo. "Pedimos que se nos reciba antes dunha semana", agregou Chao, quen advertiu de que a situación de "parálise total" representa unha "amenaza seria" para os profesionais "cun negro panorama de paro" para o ano 2009.

Xa a fin de semana pasada, o conselleiro de Cultura, Roberto Varela, indicaba nunha entrevista coa Axencia Galega de Noticias que o nomeamento do novo director de Agadic sería "inminente".

Ademais, recoñecía que "hai subvencións que están pendentes de solución" —en referencia ás axudas ás industrias culturais convocadas no *Diario Oficial de Galicia* o 28 de xaneiro de 2009, destinadas ao apoio á produción, distribución, compañías residentes, salas e asociacións. Achegas que o sector reclama que



O conselleiro de Cultura, Roberto Varela, e o director xeral de Promoción e Difusión da Cultura, Francisco López, reuníronse onte co presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez ao fin de definir as novas liñas de colaboración entre a administración galega e dito colectivo. Varela comprometeuse con Cesáreo Sánchez a estudar as propostas presentadas tales como guías literarias ou roteiros para este ano 2009. Asemade fixaron outro encontro no que os escritores galegos presentarán novas iniciativas de cara ao 2010.

VICENTE MONTOTO

"¿Imos ter que agardar aínda un ano?"

Vicente Montoto acolleu como unha boa noticia o anuncio do conselleiro sobre a reunión do martes vindeiro. Pero avisou de que o sector estudará levar a termo accións "máis contundentes" se a Consellaría de Cultura non responde ás súas demandas.

"O problema", ao seu ver, é que "seguen xogando a facer oposición ao bipartito. Gañaron as eleccións e a súa función é gobernar". "Se en tres meses nos pagan o 25% da débeda, ¿teremos que agardar un ano para que completen un pago que tiña que estar feito en xaneiro", preguntou, —o millón de euros que se debe ao sector correspóndese cunha orde do 20 de xuño do 2008 e debía estar pagado en xaneiro—.

"Máis que xustificar a súa eficacia, están a confirmar a súa inoperancia", cre Montoto. "O bipartito era o goberno anterior. Agora hai un novo goberno, e é a súa responsabilidade", subliñou.

"Agás épocas moi inmedias ao franquismo non recordo unha situación coma esta", aclarou, en referencia a "tantos" problemas e "ao mesmo tempo". Cando comezou o goberno bipartito,

—lembrou—, "o anterior director do Igaem seguiu no seu posto ata que lle atoparon substituto". "Se cadra queren reconverter Agadic e pasar unha enquisa preguntando se preferimos a Esteso ou o teatro galego", ironizou.

O PPdG mantivo durante a anterior lexislatura un discurso crítico respecto de Agadic, a axencia que a Consellaría de Ánxela Bugallo creou para substituír o Igaem, e que o PP cualificou de "chiringuito" destinado a "evitar os controis do dereito público".

O director de Agadic, Miguel Martín, foi destituído o pasado 8 de maio. A anterior presidenta da Academia Galega do Audiovisual, María Bouzas, advertiu xa na última entrega dos premios Mestre Mateo das "interferencias" que se producen cos cambios do goberno coa "paralización dos compromisos adquiridos".

O sector foi tradicionalmente crítico respecto do apoio que recibía da Xunta, aínda que co bipartito abríranse algúns vieiros para o entendemento con iniciativas como o Plan das Artes Escénicas.

sean resoltas antes do 30 de xuño xa que moitas compañías están producindo o coproducindo espectáculos a estrenar en setembro.

Varela culpou nesa entrevista con AGN o anterior Goberno da Xunta das dificultades de Agadic. "Como dixen no Parlamento, o millón de euros de débeda que estaba contraído tiña que ser pagado no mes de xaneiro e eu incorporeime o 20 de abril" (...), salientou.

Onte, o conselleiro de Cultura foi máis alá. Asegurou que "o problema" reside "nos gastos acumulados dende 2008 polo bipartito" e que neste momento están sendo tramitados polo seu departamento "pola vía de urxencia".

"Hai facturas que non teñan soporte de contrato previo" ou "un orzamento confirmado con anterioridade", afirmou, e resaltou que a débeda é "resultado dun mal procedemento administrativo", polo que a consellaría tentará "racionalizar o procedemento de xestión".

Roberto Varela asegurou que a día de hoxe "xa se efectuaron os pagamentos do 25 por cento da débeda" do millón de euros por traballos efectuados. Para facer posibles os abonos, indicaron a Galicia Hoxe fontes da consellaría, estase a utilizar a sinatura do propio conselleiro, mentres non se nomea un novo director en Agadic. O próximo martes, anunciou por último Varela, reunirase cos representantes do sector para "establecer un diálogo". ●

REIVINDICACIÓNS

Rede de teatros e feiras

O sector das artes escénicas reclamou tamén na roda de prensa de onte a ratificación da programación para o segundo semestre de 2009 da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas. Esixiron, así mesmo, a posta en marcha da Feira das Artes Escénicas de Galicia, prevista para do 19 ao 23 de outubro de 2009, e avisaron de que "difícilmente se vai facer a feira se non hai espectáculos a estrenar".

Chao: "Traballamos en galego"

Os profesionais das artes escénicas reclamaron, por outra banda, a resolución das axudas para a programación dos diferentes festivais que se celebran no país, como a Mostra de Teatro de Cangas, ou a de Ribadavia. Ernesto Chao recalcou que "sempre fixemos o traballo en galego e imos a seguir facéndoo", e que a que formulan "non é unha reclamación política", senón unha reacción ante a "paralización do sector cultural".